



CRÓNICA DAS II XORNADAS SOBRE CONSERVACIÓN EN CASTROS DO NOROESTE PENÍNSULAR

Carolina Pérez Pérez*

Tras o éxito das primeiras Xornadas sobre conservación en castros galegos do ano 2013, nesta segunda edición desenvólta os días 12, 13 e 15 de xuño do 2015, pretendeuse continuar coa análise e a reflexión sobre a conservación en castros. Este ano ampliouse a área xeográfica a castros de Asturias, León e Portugal, ademais dos de Galicia. A participación portuguesa outorgou unha dimensión internacional a este evento.

Unha vez máis puido levarse a cabo grazas ao traballo de colaboración entre varias entidades; ademais da institución organizadora, o Museo do Castro de Viladonga, colaboraron a facultade de Humanidades da USC e a empresa BIC, Materiales y Conservación, S.L.

Xunto coa presentación das intervencións en castros localizados nas diferentes áreas xeográficas, mostrouse a gran variedade de problemáticas de conservación e as diversas solucións cara á preservación e a posta a disposición pública. Todo isto foi obxecto de análise e debate.



O auditorio da Casa do Saber. Lugo

O obxectivo das Xornadas foi consolidar un espazo de encontro continuado entre profesionais, non só da conservación arqueolóxica, senón tamén de outras materias afíns como son o turismo e a xestión cultural, a comunicación e difusión do patrimonio cultural, o medioambiente, a museoloxía e a arquitectura entre outras. O perfil variado dos asistentes confirma a interdisciplinariedade destas xornadas.

O encontro desenvólveuse en diferentes localizacións ao longo de tres días. A Casa do Saber da Vicerreitoría da USC en Lugo albergou a primeira xornada de tipo teórico. Tras os relatorios, tanto da mañá coma da tarde, houbo un debate moi participativo sobre as conferencias expostas. Compre resaltar que todas estas charlas foron gravadas, e están colgadas no blog do museo¹ para poder ser vistas por todos os interesados.

* Restauradora do Museo do Castro de Viladonga

1 <https://castrodeviladonga.wordpress.com>



Visita ao Castro de Castromaior.



Xornada práctica no Castro de Viladonga

A segunda xornada consistiu nunha visita guiada ao Castro de Castromaior en Portomarín a cargo do arqueólogo responsable dos traballos neste castro, Luís Francisco López González. E, para finalizar, o luns realizouse un obradoiro teórico práctico no Museo do Castro de Viladonga en Castro de Rei para achegar *in situ*, unha vez máis, os traballos de conservación e restauración que se veñen realizando neste xacemento.

Queremos destacar, como se observa no programa, que en varios dos proxectos presentados están reflectidos todos os profesionais implicados, amosando deste xeito a importancia do traballo en equipo e a necesaria interacción entre arqueólogos e restauradores.

O nivel de satisfacción dos asistentes foi elevado e todos resaltaron o interesante da combinación da teoría e da práctica. Tamén comentaron a necesidade de dar a coñecer os labores de restauración ao público en xeral para, deste xeito, crear unha concienciación e sensibilización respecto á conservación do patrimonio arqueolóxico.

Polo tanto, o balance é moi positivo tanto polo número de asistentes como pola participación nos debates xerados arredor das conferencias. Todo indica que o patrimonio arqueolóxico si importa.

Aproveitamos para agradecer a todas as entidades colaboradoras, a USC e a empresa BIC; aos conferenciantes pola súa xenerosidade e polas facilidades prestadas para compartir a súa experiencia e, por suposto a todos os participantes pola asistencia.

Esperamos que en anos vindeiros poidamos celebrar unha terceira edición destas xornadas e poidamos tratar outros temas relacionados, como poden ser a comunicación, a difusión ou a implicación da comunidade social na conservación do patrimonio cultural.

PROGRAMA

Venres 12 de xuño de 2015

9:00 h. Entrega de documentación.

9:30 h. Inauguración.

10:00 h. Ángel Villa Valdés. Conservación, estudio y difusión de los castros del Occidente de Asturias: el Plan Arqueológico Director de la Cuenca del Navia.

11:00 h. Luís Francisco López González e Miguel Ángel López Marcos. Intervenciones de restauración en castros asturianos: el Castro de Coaña y el poblado de El Chao de Samartín.

12:00 h. Pausa.

12:30 h. Jesús Celis Sánchez. Visión general sobre la conservación de castros leoneses.

13:30 h. Rolda de preguntas.

14:00 h. Pausa para xantar.

16:30 h. Antonio Abad Alonso, Víctor Bejea García, Eduardo González Gómez de Agüero, e Fernando Muñoz Villarejo. Arqueocina: puesta en valor y arqueología pública en un castro de la montaña oriental leonesa.

17:30 h. Francisco Reimão Quiroga. O Monte Mozinho e os problemas decorrentes da conservación dos castros no noroeste de Portugal

18:30 h. Marco Antonio Rivas Nodar, Fidel Méndez Fernández, Begoña Albertos Figueroa, Iria López Baltar e Comba Torre Castro. O castro de Elviña (A Coruña): Proxecto de Escavación e Restauración 2014.

19:30 h. Debate moderado por Felipe Arias Vilas.

Sábado 13 de xuño de 2015

9:30 h. Xornada de visita guiada ao Castro de Castromaior (Portomarín, Lugo), a cargo do persoal da empresa Terra Arqueos, responsable dos traballos de restauración.

Luns 15 de xuño de 2015

10:00 h. Sesión práctica no Museo do Castro de Viladonga: elaboración de morteiro de cal e area; descrición In Situ da colocación de drenaxes e lousas de protección dos muros a cargo da restauradora do museo e técnicos da empresa BIC Materiales y Conservación, S.L.